

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN CETMAR) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MULLERES, ACUICULTURA E REFORZO INSTITUCIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA ECONOMÍA AZUL NA REXIÓN DE PIURA, MAR DE PIURA, O PERÚ"

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, María Rosa Chapela Pérez, na súa calidade de directora xerente da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (en diante Fundación CETMAR), clasificada como de interese benéfico-social por Orde da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas do 2 de xullo de 2001 (DOG do día 13 do mesmo mes e ano), e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura do 20 de xullo de 2001 (DOG do día 27 do mesmo mes e ano), figurando inscrita co número 2001/15, e que intervéñ por conta e en representación da devandita Fundación, con capacidade para vinculala neste acto e en exercicio das facultades delegadas por acordo adoptado polo seu Padroado na súa sesión extraordinaria celebrada o día 14 de outubro de 2024.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, no seu artigo 81, como obxectivos da política pública de cooperación para o desenvolvemento, fomentar que todos os seres humanos poidan ampliar as súas opcións e capacidades para gozar dunha vida digna, próspera e plena e que o desenvolvemento económico, social e tecnolóxico se produza con criterios de xustiza social.

Así mesmo, no seu artigo 84.2 establece as modalidades da Cooperación Galega, sinalando no ámbito da cooperación exterior o investimento para o aumento do capital físico, humano, social e tecnolóxico, e o desenvolvemento sustentable e inclusivo dos sectores produtivos.

Que a Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación para o desenvolvemento e co establecido no seu V Plan director da Cooperación Galega (2023-2026) establece entre os seus países prioritarios ao Perú e incorpora como ámbitos estratéxicos a promoción dos dereitos sociais básicos, entre os que



se atopa o dereito a unha alimentación nutritiva. Ademais recoñece coma un dos sectores de especialización a pesca e acuicultura sustentables.

En consonancia co anterior, o Plan anual 2025 da Cooperación Galega establece que se dea continuidade á cooperación con entidades para actuacións de cooperación no exterior en materia de pesca e acuicultura e propón que se continúe coa colaboración coa Fundación CETMAR, no ámbito pesqueiro e acuícola, que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur.

Segundo.- Que a Fundación CETMAR é unha fundación pública de interese galego cunha longa experiencia e que ten entre os seus obxectivos colaborar no desenvolvemento do sector da pesca e acuicultura, executando proxectos pesqueiros e acuícolas cun enfoque de cooperación para o desenvolvemento e soberanía alimentaria.

Terceiro.- Que ambas partes comparten a conciencia da importancia de apoiar intervencións de cooperación para o desenvolvemento que favorezan o progreso dos pobos máis necesitados.

Cuarto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento consonte o establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, considera axeitado e conveniente contribuír ao incremento da sustentabilidade das cadeas de valor vinculadas ao sector pesqueiro e acuícola na rexión de Piura, O Perú, mediante o fortalecemento produtivo de iniciativas empresariais situadas na Bahía de Sechura e o reforzo dos mecanismos de gobernanza operativos na rexión para aumentar súa capacidade de adaptación fronte ós efectos do cambio climático; a través da posta en marcha desta intervención.

A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica da entidade destinataria da subvención, así como a súa necesaria posta en marcha, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Quinto.- Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación CETMAR no



proxecto denominado "Mulleres, Acuicultura e Reforzo Institucional para o desenvolvemento sostible da Economía Azul na Rexión de Piura, Mar de Piura, O Perú".

O proxecto ten como obxectivo o fortalecemento produtivo das iniciativas empresariais situadas na Baía de Sechura e reforzo dos mecanismos de gobernanza na rexión de Piura para aumentar a súa capacidade de adaptación fronte aos efectos do cambio climático.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación CETMAR

A Fundación CETMAR deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 6.848,77 € para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Fundación CETMAR comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, mediante declaración asinada, previamente ao cobro de calquera dos pagamentos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.



9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, distribución entre partidas orzamentarias, lugar, destinatarios, prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto, que ascende a cento seis mil oitocentos corenta e oito euros con setenta e sete céntimos (106.848,77 €), aboará á Fundación CETMAR a contía máxima de cen mil euros (100.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.443.20 do orzamento vixente para o ano 2025. Esta cantidade representa o 93,59% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

A Fundación CETMAR poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagamentos anticipados

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da Fundación CETMAR, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima do importe da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3 a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia e na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagamentos inmediatos que leva a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007, do 13



de xuño e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte da Fundación CETMAR nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) de la Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Para a xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos, a Fundación CETMAR deberá presentar:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos acompañado da táboa de medición dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC), que será proporcionada no momento da xustificación final.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo secretario da Fundación.
- Unha certificación da totalidade dos gastos realizados e pagados na execución deste convenio, expedida polo secretario da Fundación.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Fundación CETMAR indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total delas non supere o custo total do proxecto subvencionado.



Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

A Fundación CETMAR obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. O logotipo poderase descargar da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante da Fundación CETMAR.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.



- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento das partes.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro total ou parcial das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2025, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DUODÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da



totalidade delas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA. - Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DÉCIMO QUINTA. - Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscribida polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO SEXTA. – Protección de datos

Ambas as partes comprométese a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais proporcionados polas partes á firma do presente convenio incluíranse en senllos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio. Os datos persoais facilitados á firma do presente convenio poderán ser cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste



convenio e que desempeñe actividades análogas ás descritas no mesmo, previo consentimento por escrito por ambas as partes.

No caso de que unha das partes tivese que acceder a datos de carácter persoal que se atopen en ficheiros cuxo responsable sexa a outra parte, deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no convenio.

A transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaón de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do presente convenio se así o considera oportuno a outra parte, debendo ser a parte non incumpridora resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumpridora.

Así mesmo, as partes non poderán subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, salvo que expresamente estoutra parte consintao por escrito.

As partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.

O titular dos datos persoais poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable, dirixíndose por escrito indicando "Protección de Datos" e acreditando a súa identidade (foto-copia do DNI do interesado) nas seguintes direccións: para a Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para CETMAR en lopd@cetmar.org, comprometéndose en calquera caso cada parte para comunicar á outra as rectificacións ou supresións que procedan respecto dos datos persoais cedidos.

As partes non cederán a terceiros os datos persoais dos asinantes salvo que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados quedan informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar co Delegado de Protección de Datos da respectiva parte, se así fóra, nas seguintes direccións: para a Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para CETMAR en lopd@cetmar.org. Igualmente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO SÉTIMA. - Normativa aplicable



O presente convenio rexerese polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes na data indicada.

POLA XUNTA DE GALICIA
O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

POLA FUNDACIÓN CENTRO
TECNOLÓXICO DO MAR
A DIRECTORA XERENTE

Diego Calvo Pouso

María Rosa Chapela Pérez



ANEXO

1.- OBXECTIVOS

Obxectivo xeral: Incrementar a sustentabilidade da cadea de valor asociada ao medio pesqueiro e acuícola na rexión de Piura.

Obxectivo específico: Fortalecemento produtivo das iniciativas empresariais situadas na Baía de Sechura e reforzo dos mecanismos de gobernanza na rexión de Piura para aumentar a súa capacidade de adaptación fronte aos efectos do cambio climático.

2.- RESULTADOS.

RESULTADO 1: Mellorada a eficiencia e a sustentabilidade da cadea produtiva da Cuncha de Abanico na Baía de Sechura.

ACTIVIDADE 1.1: Capacitación dirixida a técnicos de OSPAS en protocolos de mantemento, limpeza e optimización do ciclo produtivo da cuncha de abanico en fase de hatchery e produción e mantemento para a fase de pre-engorde.

ACTIVIDADE 1.2: Elaboración dun protocolo de boas prácticas para o funcionamento e mantemento das instalacións de hatchery.

ACTIVIDADE 1.3: Asesoramento técnico ás OSPAS para a provisión de semente de laboratorio aplicando os protocolos de boas prácticas elaborados.

RESULTADO 2: Fortalecidos os procesos de comercialización e venda de produtos hidrobiolóxicos liderados por mulleres, dirixidos a mellorar a súa calidade de vida e os niveis de rendemento económico.

ACTIVIDADE 2.1: Elaboración de estudos de prospección de mercados adaptados ás características e ao potencial produtivo das dúas asociacións de comercializadoras vinculadas á comunidade pesqueira artesanal.

ACTIVIDADE 2.2: Taller de traballo coas asociacións de comercializadoras vinculadas á comunidade pesqueira artesanal para a análise dos contidos dos estudos de prospección de mercado, así como na aplicación práctica dos seus resultados en cada contexto específico.

ACTIVIDADE 2.3: Capacitación dirixida ás asociacións de comercializadoras vinculadas á comunidade pesqueira artesanal para a adecuación dos criterios de preparación, procesamento, conservación e etiquetaxe segundo os criterios establecidos polo PMA e/o outros compradores e soporte técnico para a firma dun acordo de colaboración.

RESULTADO 3: Fortalecidas as capacidades técnicas das entidades gobernamentais vinculadas ao sistema de produción acuícola na Baía de Sechura e ao impulso do turismo vivencial sostible na rexión de Piura.

ACTIVIDADE 3.1: Capacitacións para os técnicos das institucións involucradas (FONDEPES, DG Acuicultura) na produción de cuncha de abanico en favor de aumentar a sustentabilidade do recurso.

ACTIVIDADE 3.2: Mesa de Coordinación interinstitucional con enfoque normativo-administrativo para favorecer as iniciativas de diversificación económica a través do impulso do turismo vivencial sostible (TVS).



2.- FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	Xunta de Galicia	Fundación CETMAR
Aluguer Terreos e inmobles	380,00	
Equipos e materiais	12.044,00	
Inventariables	4.700,00	
Consumibles	7.344,00	
Persoal	24.872,59	6.848,77
Servizos técnicos	35.000,00	
Funcionamento en terreo	100,00	
Viaxes, aloxamentos, axudas de custo	17.109,55	
Gastos financeiros	780,34	
Custes administrativos e de xestión	9.713,52	
Total financiamento por entidade	100.000,00 €	6.848,77 €
ORZAMENTO TOTAL PROXECTO	106.848,77 €	

